

## **PROTOCOLO:**

*Reúñidos, en acto solemne, na vila de As Neves, a día 30 de agosto de dous mil tres, nós CLAUD NAUD, presidente da Comunidade de Municipios do Loira Atlántico meridional, RAUL EMILIO CASTRO RODRÍGUEZ, Alcalde-Presidente de As Neves, libremente elixidos polo sufraxio dos nosos cidadáns, convencidos de respondermos ás aspiracións profundas e ás necesidades reais das dúas poboacións e actuando como mandatarios e representantes legais das respectivas municipalidades, quen teñen expresada de forma unánime a súa vontade firme e decidida de estableceren unha relación de amizade, en orde a un mellor coñecemento, entendemento e cooperación mútuas,*

### **MANIFESTAMOS**

*Que estas relacións, que hoxe formalizamos, estarán baseadas esencialmente na participación activa e dinámica dos cidadáns e asociacións, a quen se implicará de forma crecente no irmanamento para facer de él unha experiencia viva e enriquecedora.*

*Que nas institucións das nosas municipalidades, os cidadáns e asociacións atoparán para encauzar e dar impulso a cantas iniciativas miren a favorecer o achegamento*

*e o estreitamento de vencellos e o trato entre as dúas comunidades veciñais.*

*Que desenvolveremos, en tanto que poida ser feito, a aprendizaxe das linguas respectivas, o encontro e intercambio entre xoves, o coñecemento das nosas culturas e das nosas institucións, os intercambios turísticos entre as nosas localidades, sen que a lista de estas iniciativas sexa exhaustiva.*

*Por todo iso, no exercizo do dereito de asociación das colectividade locais, recoñecido e consagrado na carta europea da autonomía local, suscrita por tódolos*

*estados membros do Consello de Europa, e consciente do feito de que os nosos concellos constitúen o berce da civilización europea onde as institucións están impregnadas do espírito de liberdade, conforme á declaración dos Dereitos do Home, considerando que esta evolución histórica debe continuar a escala universal, e que o noso mundo non será verdadeiramente humano mais que na medida en que os homes vivan libres en cidades libres.*

**NESTE DIA, SELAMO-LO  
SOLEMNE COMPROMISO**

*De mantermos vencellos permanentes entre os concellos das nosas cidades, de favorecernos a través de intercambios entre os seus habitantes en tódolos ámbitos para desenvolveernos, mediante a comprensión mutua, o sentimento vivo da fraternidade europea e da solidariedade universal de conxugar todos os nosos esforzos para contribuir, na medida das nosas posibilidades, ó bon éxito desta necesaria empresa de paz e prosperidade:*

**A UNIÓN EUROPEA**

*Feita lectura no lugar e data anteditos, aprobamos conjuntamente a presente carta no nome das dúas comunidades*

*O Presidente da Comunidade de  
Municipios do Loira Atlántico*

CLAUD NAUD

*O Alcalde de As Neves*

*Raul Emilio CASTRO RODRÍGUEZ*